



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO
E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 Fax: 981 516 045
Web: www.concellodeboimorto.es



REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO:

Que o Alcalde con data un de agosto de dous mil trece, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<

Decreto: 230 / 2013

Data decreto: 01/08/2013

Descrición decreto: Nomeamento socorrista para a piscina municipal a xornada completa programas cooperación 2013.

DON JOSE IGNACIO PORTOS VÁZQUEZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista a renuncia presentada polo socorrista Pablo Mouriño Pereiro con DNI 79336064W con rexistro de entrada nº 1478 en data 01/08/2013.

Vistos os movementos da bolsa de traballo de persoal laboral temporal praza de socorrista creada por decreto nº 171 de data 28/06/2013.

Tendo en conta as chamadas telefónicas realizadas ás persoas que se relacionan a continuación, que forman parte da bolsa de contratación, que rexeitan este posto de traballo, quedando pendente de acreditar mediante a documentación oportuna para manter o mesmo posto na lista:

- D. Jose Manuel Penas Varela con DNI 79333695W, pendente de presentar copia de contrato e manter o seu posto na lista.
- Dna. Miriam Vázquez Vázquez con DNI 47436805H, pendente de presentar copia de contrato e manter o seu posto na lista.
- Dna. M^a Pilar Bujan Rodriguez con DNI 44833026T, pendente de presentar copia de contrato e manter o seu posto na lista.
- Dna. Inmaculada Penas Vázquez con DNI 79333513G, pendente de presentar copia de contrato e manter o seu posto na lista.
- D. Adrian Castro Ramos con DNI 44849011T, rexeita telefónicamente o posto por motivos persoais, pendente de presentar a renuncia.
- Dna. Isabel Corral Cea con DNI 79333893Q, rexeita telefónicamente o posto por motivos persoais, pendente de presentar a renuncia.
- D. Eduardo Prado Vázquez con DNI 79329364H, non foi posible realizar contacto telefónico.



Esta Alcaldía en uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear como socorrista a D. Jose Antonio Varela Castro con DNI 79330727R.

SEGUNDO.- Condicionarase a formalización do contrato en aplicación da base quinta á presentación polo interesado de:

- Declaración xurada ou promesa de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin estar inhabilitada para o exercicio das funcións públicas.
- Declaración de non estar incurso en causa de incompatibilidade segundo o disposto na Lei 53/1984 do 26 de decembro.
- Certificado médico acreditativo da posibilidade de desempeño dos labores propios da praza.

TERCEIRO.- Notificar persoalmente o presente decreto ao seleccionado indicado no apartado primeiro, así como publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos, e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite, presentada a documentación requirida, a alta do traballador na seguridade social e se asine e rexistre o contrato con efectos de alta o 03/08/2013.

Boimorto un de agosto de dous mil trece

O Alcalde

Perante min:
A secretaria

Asdo.- D. Jose Ignacio Portos Vázquez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente, en BOIMORTO, a 1 de agosto de 2013

